



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2020-110

COVID-19

DECRETO

En Laza a, 16 de Marzo de 2020

JESUS BLANCO CONDE
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO

En exercicio das atribucións que lle corresponden, segundo a normativa vixente de aplicación ó réxime local,

A C O R D A:

O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e coa autorización do Congreso dos Deputados.

A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

Polo exposto, e a proposta da FEGAMP recibida no día de onte 15 de marzo de 2020,

En consideración ás competencias que atribúe a lexislación vixente en materia de réxime local: en materia de persoal, e en caso de urxencia e para os supostos non atribuídos a outros órganos, a adopción das seguintes medidas dende o 16 de marzo e ata o día 29 de marzo de 2020:

1) A comunicación co Concello debe realizarse de forma telemática a través da sede electrónica municipal ou vía telefónica a través do teléfono: 988 42 20 02 da Casa do Concello.





CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

- 2) En caso de que non se dispuxese de medios telemáticos e para aqueles supostos de urxencia, o Concello atenderá presencialmente previa petición de cita telefónica, de luns a venres en horario de 9 a 14 horas.
- 3) Os servizos administrativos municipais funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas, dun modo moi reducido, equivalente a uns servizos mínimos, que serán atendidos por unha persoa de oficinas e un operario. O Secretario-Interventor realizará teletraballo, acudido cando sexa necesario ao posto de traballo. O persoal alternará cada día a súa asistencia o traballo cos compañeiros de oficina.
- 4) Dada a situación de crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de España, o GES continuará coa prestación dos seus servizos de xeito ordinario, que poderán ser reforzados cando a situación o requira.
- 5) Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos responsables de Área, facilitando sempre que se poida o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizo nestes Departamentos.
- 6) O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.
- 7) A instancia das instrucións da FEGAMP quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais a excepción de calquera que fose preciso celebrar.
- 8) Instase aos Concelleiros e persoal do Concello a manter una relación fluida coa Alcaldía, preferentemente vía telefónica, de información e de comunicación en todo o que consideren que poden aportar nesta situación, actuando así de maneira conxunta no seguimento da evolución do COVID-19.

Mandouno e asinouno na data arriba indicada, ante min, O SECRETARIO, que dou fe.

